- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
17	Time to celebrate	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	55
CA6.2 - Interpretar e valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Aplicar estratexias de reading e listening		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación.	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Participar en situacións interactivas con achegas propias		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal, profesional ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Participar en situacións interactivas con achegas propias	TI	45
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA6.11 - Comparar e argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio de outros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA6.13 - Rexistrar e analizar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación

Contidos

- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da info
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos

comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Utilizaremos os recursos que nos ofrecen as editoriais de Edixgal.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

Finalmente, as tres primeiras unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso. No tocante á lingua estranxeira, empregárase como guía o libro *Teamwork 1*, que conta ademais cunha plataforma dixital, de xeito que poderemos traballar tanto en papel como online.

As nove unidades do *Student's Book* divídense en seccións de vocabulario, gramática e habilidades. Hai dous textos por unidade baseados en material auténtico. Tamén se presentan dous grupos de vocabulario temático contextualizado en cada unidade e actividades de reciclaxe para revisar o vocabulario aprendido con anterioridade e asegurar o repaso e o enriquecemento constantes. Os exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades, o cal proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática, que cobre todos os requisitos do novo currículo oficial, preséntase nun contexto actual tanto no oral como no escrito. Ao final do libro está a sección *Optional Grammar Extension*, que contén explicacións de puntos gramaticais adicionais exercicios para practicalos.

Tamén se proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten aos alumnos/as practicar a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real; cada unidade inclúe un vídeo *Life Skills* con actividades para practicar a comprensión e produción oral. O apartado de pronuncia céntrase nas dificultades habituais dos alumnos/as á hora de pronunciar as palabras e frases en inglés. Tamén hai actividades adicionais de comprensión e expresión oral en todas as unidades que desenvolven destrezas lingüísticas produtivas para axudar aos alumnos/as a comunicarse de maneira eficaz no mundo real. Os contidos da guía de escritura están coidadosamente estruturados unidade a unidade para practicar as destrezas de escritura básicas e ofrecer axuda á hora de realizar as tarefas.

A *Interactive Classroom* atópase ao longo de todo o libro e permite unha aprendizaxe dinámica e constante coa axuda de distintas ferramentas.

Tamén hai tres seccións de repaso (*Reviews*) no *Student's Book*. Estas inclúen exercicios de repaso do vocabulario e a gramática.

A sección *Fast Finishers*, con práctica adicional para consolidar o vocabulario e a gramática aprendidos, aparecen ao final do *Student's Book* para aqueles alumnos/as que necesiten un desafío extra.

A sección *Culture Quizzes*, páxinas que compoñen unha sección de cultura e temas transversais, aparecen ao final do *Student's Book*. Nelas relaciónase o inglés con outras materias do currículo escolar (CLIL) e introdúcese aos estudantes a unha ampla variedade de aspectos culturais do mundo angloparlante e do mundo en xeral. Cada páxina inclúe un vídeo cultural que presenta contidos interesantes e auténticos cun nivel adecuado, así como actividades de comprensión.

Os proxectos colaborativos atópanse ao final do *Student's Book*. Cada un está vinculado a unha unidade e, a través da realización dunha tarefa significativa, axudan a desenvolver as habilidades comunicativas, de planificación, de investigación e sociais. Ademais, cada proxecto inclúe unha *Techno Option*.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto
Aula Virtual (E-Dixgal)
Caderno de traballo
Cine histórico
Prensa

Recursos audiovisuais en inglés auténticos
Materiais e actividades de elaboración propia
Ferramentas TIC
Material funxible
Novelas históricas, novelas gráficas, comics...
Mapas xeográficos e históricos
Libro de texto e libro de exercicios Teamwork 1 con plataforma dixital
Material comunicativo e manipulativo para a aprendizaxe da lingua estranxeira
Material audiovisual real ou adaptado para a aprendizaxe da lingua estranxeira

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou en grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos de E-Dixgal, pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

Ademais, na parte de Lingua Estranxeira, contaremos cunha plataforma dixital do libro, de xeito que o alumnado terá acceso en todo momento non só ás actividades tradicionais, senón tamén a recursos audiovisuais como vídeos e listenings.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole. Por unha banda, farase unha proba escrita na que se avaliarán contidos histórico-xeográficos, gramaticais, literarios, de comprensión de textos e

expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Así mesmo, contéplase a proba inicial ou diagnóstica ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de valorar os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai a abordar para, partindo destes, seguir construíndo os seus saberes.

Tamén facilita información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo que realice algunha proposta didáctica para abordar a unidade.

Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

Estas probas iniciais por unidade consistirán, segundo a ocasión, na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro ou falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización de pequenos audiovisuais, etc.

No tocante á lingua estranxeira, a avaliación inicial farase a través de distintas actividades orais e escritas de repaso de contidos. Tamén se fará un test diagnóstico que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado .

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	15	10	10	10	1	3	2
Proba escrita	60	50	80	60	80	85	80	55	55	55
Táboa de indicadores	40	50	20	40	20	15	20	45	45	45

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	3	2	2	3	3	3	3	100
Proba escrita	55	55	55	55	55	55	55	66
Táboa de indicadores	45	45	45	45	45	45	45	34

Criterios de cualificación:

Debemos ter en conta o carácter modular do curso á hora de avaliar pois iso significa ter que integrar as disciplinas que conforman o módulo; considerando, ademais, o carácter transversal dalgunhas das unidades, o que supón que van ser examinadas nos tres trimestres; e todo isto dentro dun proceso de avaliación continua.

Conforme ao anterior, as tres primeiras unidades didácticas teñen un carácter transversal e serán abordadas ao longo de todo o curso (20 sesións por trimestre) polo que a súa avaliación tamén será transversal; é dicir, terán consideración nos tres trimestres tendo en conta os criterios establecidos para cada unha delas. As unidades 4, 5 e 6 avaliaranse no primeiro, segundo e terceiro trimestre respectivamente e a unidade 7, máis específica de Ciencias Sociais, abordárase e avaliarase nas dúas últimas.

En resumo, no primeiro trimestre, avaliarase a parte proporcional das tres primeiras unidades e a unidade 4; no segundo trimestre, avaliarase a parte proporcional das tres primeiras unidades, a unidade 5 e a parte correspondente da unidade 7 e, por último, no terceiro trimestre, avaliarase a parte proporcional das tres primeiras unidades, a unidade 6 e o restante da unidade 7. Este sistema de avaliación permítenos integrar os contidos e os criterios de avaliación das diferentes materias impartidas no ámbito de xeito unificado.

A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución dos alumnos e as alumnas, nomeadamente para as persoas en situación de discapacidade, para as que se incluírán medidas de accesibilidade que garantan unha participación non discriminatoria nas probas de avaliación.

Para a avaliación teranse en conta tres aspectos como son o traballo e actitude na aula, os traballos encomendados tanto de carácter escrito como oral e os exames escritos. As porcentaxes asignadas a cada aspecto son as seguintes: traballo na clase e caderno (realización das tarefas, respecto e tolerancia cara á materia e cara aos membros da comunidade educativa alí presentes e traer o material necesario) 20% ; as exposicións orais, e/ou exames orais e/ou de comprensión oral suporán o 10%; os exames escritos ou orais, ou traballos dos libros de lectura o 10% e, finalmente, os exames e/ou traballos escritos (probas escritas de preguntas a desenvolver, relacionar, completar ou tipo test, murais, pósteres, informes, redaccións...) o 60%. Nas probas escritas, sempre se especificará o valor de cada pregunta e farase a media das probas que se realizaron por avaliación. No tocante aos traballos, estableceranse rúbricas que describen diferentes niveis de calidade dunha tarefa. Para a súa cualificación, considerarase a media en base aos parámetros determinados, que son: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de o/a alumno/a no aprrobe será avaliado segundo o indicado nos criterios de recuperación.

En canto á avaliación final de curso:

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres.

Tras a realización dos cálculos, o alumno ou alumna que non chegue a 5 terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 nunha escala de 1-10 para ter o ámbito aprobado.

Durante ese período de tempo, faranse actividades de repaso e reforzo dos contidos estudados ao longo do curso. Revisaranse os cadernos, traballos de aula, para comprobar que están feitos (de non ser así, completaranse durante este período e deberán presentarse antes do exame final).

No que respecta á avaliación da parte de aprendizaxe de lingua estranxeira, seguiranse as seguintes premisas:

A avaliación será:

- Continua, xa que, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

O traballo na aula, así como as tarefas que o alumnado teña que realizar de forma autónoma tamén na casa, terán un peso do 40% na nota final do trimestre. O outro 60% será avaliado a través de distintas probas.

O alumnado que teña unha nota igual ou superior a 5 na última avaliación será considerado apto.

A avaliación será continua e a nota final calcularase conforme ás seguintes porcentaxes:

- A nota da primeira avaliación será un 20% da nota final.

- A nota da segunda avaliación será un 30% da nota final.

- A nota da terceira avaliación será un 50% da nota final.

A nota de cada avaliación estará desglosada do seguinte modo: o 60% será a media das probas escritas que se leven a cabo na aula ao longo do trimestre. O 40% restante serán as tarefas que realice o alumnado tanto na aula como na casa (participación en actividades comunicativas e orais, traballo na aula). Polo tanto, daráselle grande importancia ao esforzo e traballo do alumnado.

A nota do ámbito será unha media numérica das catro materias que o compoñen e, polo tanto, cada unha delas terá un peso do 25%

Criterios de recuperación:

Nas materias do Ámbito Lingüístico e Social realizarase unha recuperación da 1ª e 2ª avaliacións ao comezo do seguinte trimestre e da 3ª ao final de curso. Esta recuperación só será da parte da proba escrita, é dicir, do 60 %, mantendo e sumándolle as cualificacións obtidas durante a avaliación cos outros procedementos (expresión escrita, expresión oral, comprensión lectora e auditiva, caderno e traballos) Co fin de acadar os obxectivos do curso, a profesora poderá realizar máis recuperacións das avaliacións suspensas, sempre antes de finalizar o curso coa finalidade de acadar na media aritmética das tres avaliacións unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

No referente á lingua estranxeira, os contidos de unidades anteriores repasaranse continuamente e o alumnado que non supere algunha avaliación terá que ir facendo actividades de repaso extras. Se a nota destas actividades é igual ou superior a 7, considerarase que o alumno/a acadou os obxectivos e, polo tanto, recuperou a materia. Se a nota dos exercicios é inferior a 7, o alumnado terá que facer un exame de recuperación a final de curso. O método de avaliación será o mesmo: os exercicios terán un peso do 40% e a nota do exame o 60%.

O alumnado poderá presentarse a este exame final de recuperación tamén para subir nota, e prevalecerá a nota máis alta.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

Canto á parte de lingua estranxeira, aplícase especificamente o seguinte:
Como punto de partida, tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender a aprender

Cada alumno/para ten a súa propia capacidade para aprender cousas e retelas sen que isto sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo independentemente do ritmo de traballo

que poida ter cada un. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do Student's Book e do Workbook, xa que, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e vocabulario, ofrecen, por unha banda, amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e, por outro, facilitan a ampliación de materia aos que teñen máis nivel.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, pois depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento e, por outro, do proceso de aprendizaxe que se segue. Isto influirá notablemente tanto no nivel de motivacións individuais como na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a selección dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abarcando non só o punto de vista do profesor/á través de cuestionarios, senón tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorna.

- Os estilos de aprendizaxe

Existen toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Uns poden reaccionar moi rapidamente e, con todo, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros poden traballar concienzudamente e aprender máis amodo, obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no Student's Book breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática aprendida. Isto complementábase con táboas gramaticais a sección Optional Grammar Extension (ao final do Student's Book) e no apéndice gramatical do Workbook, que lles axudan a aprender e repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, en todas as unidades tivéronse en conta os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial a “a modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), isto é, ás posibles formas de levar á práctica o aprendido.

- Os intereses dos alumnos/as

O esforzo en aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros, dependendo do seu interese e/o necesidade de facelo. Por iso, incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control tanto no Student's Book como no Workbook. Ao final do Student's Book incluímos un apéndice con táboas gramaticais adicionais e exercicios, un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais e unha lista de verbos irregulares, e ao final do Workbook un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua materna dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No Workbook inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Por último, tamén se inclúen catro páxinas de repaso por unidade (Progress Check e Standards Check) que permiten atender á diversidade. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/teamwork1 as gravacións en formato mp3 dos textos do Student's Book, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcripcións e os ditados do Workbook.

Con este método preséntase a ferramenta IS Interactive Student, que inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Flipped Classroom proporciona aos alumnos/as a oportunidade de preparar as actividades de vocabulario e gramática antes de asistir a clase. Wordlist and Activities inclúe unha lista interactiva de palabras e actividades para practicar a ortografía e o vocabulario. Extra Practice conta con exercicios autocorrixibles para practicar o vocabulario e a gramática estudados no Student's Book e cobre todos os requisitos do novo currículo oficial. Dialogue Builders ofrece multitude de actividades para practicar linguaxe funcional. Techno Help proporciona axuda e recursos para facer os proxectos en liña do Student's Book. Life Skills and Culture Videos permiten aos alumnos/as acceder aos vídeos para que poidan velos en casa. O Learning Management System (LMS) en liña permite aos profesores seguir o traballo de cada estudante. WordApp ofrece aos alumnos/as a posibilidade de traballar con listas interactivas de palabras no teléfono móbil e permítelles practicar e consolidar o vocabulario no momento en que queiran.

O Teacher's Manual ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinar adicional, ademais de continuas suxestións ao

profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O Teacher's All-in-One Pack ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao principio de curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece nove exames (un por unidade) con dous niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais e tres exames de competencias clave, para poder elixir o máis adecuado segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén proporciona un exercicio adicional por unidade de expresión oral para realizar en parella ou en grupo. E ademais inclúe follas de traballo, que se dividiron da seguinte maneira:

- Extra Practice: proporcionan práctica adicional co mesmo nivel que o presentado na unidade.
- Extension: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dunha maneira máis significativa e motivadora.

O profesor/a tamén dispón de recursos dixitais, que inclúen: Interactive Whiteboard Materials, coas versións dixitais completamente interactivas do Student's Book e o Workbook para facilitar as clases e a corrección; Test Factory and Other Editable Resources, con todo o material do Teacher's All-in-One Pack en formato editable; Burlington ESO Grammar Factory, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente; e Burlington ESO Culture Bank, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 17
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X
ET.2 - ODS.	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X
ET.4 - Educación emocional e en valores.	X
ET.5 - Creatividade.	X
ET.6 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.9 - Educación emocional.	X
ET.10 - Comprensión lectora.	X

	UD 17
ET.11 - Expresión oral e escrita.	X
ET.12 - Comunicación audiovisual.	X

Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de proxectos, como por exemplo, o Proxecto de Igualdade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rutas literarias.	Actividades en colaboración coa biblioteca do centro para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día do Libro ou as Letras Galegas.	X	X	X
Escape rooms.	Actividades para celebrar diferentes conmemoracións coma o Día da poesía ou o Día de Rosalía.		X	
Rueiros históricos.	Interdisciplinar. Realización de excursións ás diferentes partes históricas da cidade ou vila.		X	X
Visita a Museos, Arquivos e Bibliotecas.	Interdisciplinar. Tratarase de facer unha saída por avaliación.		X	X

Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina e desenvolver as competencias. A realización das mesmas estará suxeita a medidas organizativas.

O desenvolvemento destas actividades conleva tres fases :

- Unha preparación previa.
- Un procedemento durante a mesma na que o alumnado sobre un cuestionario que se lle ofreceu debe ir recollendo os datos.
- Unha terceira fase consistente no feed-back na clase para comprobar o adquirido.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación respondeu á secuencia e temporización.

A secuencia das unidades didácticas foi axeitada.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao inicio de cada unidade didáctica realízase unha introdución sobre o tema e actividade de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose aos seus intereses e necesidades e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Medidas de atención á diversidade
Ao comezo da unidade infómaselle ao alumnado dos obxectivos propostos , as competencias que se van desenvolver, as actividades que se realizarán e os criterios de avaliación. avaliación.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe propondo novas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) favorecendo a adquisición das competencias clave.

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico indicando as propostas de mellora e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora, se fosen necesarias, para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

9. Outros apartados